



INFORME SOBRE O PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DA CPNCESIÓN A FAVOR DE ERIMSA NOS CONCELLOS DE FRADES Y MESÍA (A CORUÑA)

Con data 01/05/2017 a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias emitiu un informe no que se conclúe a non idoneidade do proxecto de minería da empresa "Explotación de Rocas Industriais e Minerais S.A." (ERIMSA).

Tras a reunión mantida coa empresa o pasado 18/12/2018, instouse á realización dun procedemento que garanta a información aos potenciais beneficiarios das axudas da PAC sobre a incompatibilidade na declaración de parcelas afectadas coa actividade mineira, así como o compromiso de non expropiar o terreo e que a superficie con cultivos ecolóxicos non fora incluída no proxecto.

O 29/01/2019 a empresa presentou toda a documentación xustificativa asinada por cada propietario e solicitante da PAC para o ano 2019, onde consta que:

- As parcelas arrendadas non serán incluídas na declaración da PAC na campaña á que se refira a duración do contrato, xa que non están en produción agrícola, así como que perderá os dereitos da PAC se non solicita as axudas durante dous anos consecutivos.
- Tras o fin da actividade mineira, as parcelas afectadas deberán estar en adecuadas condicións agrarias e ambientais así como cumprir os requisitos da condicionalidade.
- Non se vai a incluír en ningunha campaña as parcelas suxeitas ao compromiso de mantemento de agricultura ecolóxica.
- Acta notarial onde se renuncia expresamente a expropiación por parte de ERIMSA quedando supeditado ao acordo entre as partes.

Á vista da documentación presentada e con respecto ao indicado para as axudas da PAC competencia desta Consellería, non se atopan inconvenientes para continuar coa tramitación para obter o informe preceptivo correspondente.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019.

O Director Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

